



**Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa**  
**REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA**

Modelo MD85PRO01

Programación Didáctica de  
**ACORDEÓN CURSO 2024-2025**  
Profesor: Jesús Iglesias Vicente



## Índice

<b>1. Introducción</b>	<b>8</b>
Presentación e xustificación – G.E.	8
Presentación e xustificación – G.P.	8
A quen vai dirixida	9
Xeneralidades	9
Coñecementos previos	9
Relacións cos estudos de réxime xeral	9
Relacións interdisciplinares	10
<b>2. Metodoloxía</b>	<b>13</b>
<b>3. Atención á diversidade</b>	<b>14</b>
Nas actividades de clase	14
Ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo	14
Actividades extraescolares	15
<b>4. Temas transversais</b>	<b>15</b>
Educación en valores	17
Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s)	18
<b>5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas</b>	<b>18</b>
Funcionalidade dos contidos	18
<b>6. Secuenciación do curso</b>	<b>19</b>
6.1 Curso: 1º de G.E.	19
6.1.1 Obxectivos	19
6.1.2 Contidos	19
6.1.3 Avaliación	21
Criterios de avaliación	21
Mínimos esixibles	22
Procedementos e ferramentas de avaliación	22
Avaliación Inicial	22
Criterios de cualificación	23
Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	23
6.1.4 Medidas de recuperación	24
Procedementos de recuperación ordinarios	24



Probas extraordinarias .....	24
6.1.5 Recursos didácticos.....	24
6.2 Curso: 2º de G.E. ....	26
6.2.1 Obxectivos.....	26
6.2.2 Contidos.....	26
6.2.3 Avaliación .....	28
Criterios de avaliación.....	28
Mínimos esixibles .....	29
Procedementos e ferramentas de avaliación .....	<b>¡Error! Marcador no definido.</b>
Avaliación Inicial .....	<b>¡Error! Marcador no definido.</b>
Criterios de cualificación.....	<b>¡Error! Marcador no definido.</b>
Criterios para a concesión de ampliación de matrícula. ....	<b>¡Error! Marcador no definido.</b>
6.2.4 Medidas de recuperación .....	<b>¡Error! Marcador no definido.</b>
Procedementos de recuperación ordinarios.....	<b>¡Error! Marcador no definido.</b>
Probas extraordinarias .....	<b>¡Error! Marcador no definido.</b>
6.2.5 Recursos didácticos.....	31
6.3 Curso: 3º de G.E. ....	32
6.3.1 Obxectivos.....	32
6.3.2 Contidos.....	33
6.3.3 Avaliación .....	35
Criterios de avaliación.....	35
Mínimos esixibles .....	36
Procedementos e ferramentas de avaliación .....	<b>¡Error! Marcador no definido.</b>
Avaliación Inicial .....	<b>¡Error! Marcador no definido.</b>
Criterios de cualificación.....	<b>¡Error! Marcador no definido.</b>
Criterios para a concesión de ampliación de matrícula. ....	<b>¡Error! Marcador no definido.</b>
6.3.4 Medidas de recuperación .....	<b>¡Error! Marcador no definido.</b>
Procedementos de recuperación ordinarios.....	<b>¡Error! Marcador no definido.</b>
Probas extraordinarias .....	<b>¡Error! Marcador no definido.</b>
6.3.5 Recursos didácticos.....	39



6.4 Curso: 4º de G.E.....	41
6.4.1 Obxectivos.....	41
6.4.2 Contidos.....	42
6.4.3 Avaliación .....	44
Criterios de avaliación.....	44
Mínimos esixibles.....	45
Procedementos e ferramentas de avaliación .....	<b>¡Error! Marcador no definido.</b>
Avaliación Inicial .....	<b>¡Error! Marcador no definido.</b>
Criterios de cualificación.....	<b>¡Error! Marcador no definido.</b>
6.4.4 Medidas de recuperación .....	<b>¡Error! Marcador no definido.</b>
Procedementos de recuperación ordinarios.....	<b>¡Error! Marcador no definido.</b>
Probas extraordinarias .....	<b>¡Error! Marcador no definido.</b>
6.4.5 Recursos didácticos.....	45
6.5 Curso: 1º de G.P.....	49
6.5.1 Obxectivos.....	49
6.5.2 Contidos.....	50
6.5.3 Avaliación .....	51
Criterios de avaliación.....	51
Mínimos esixibles.....	52
Procedementos e ferramentas de avaliación .....	<b>¡Error! Marcador no definido.</b>
Avaliación Inicial .....	<b>¡Error! Marcador no definido.</b>
Criterios de cualificación.....	<b>¡Error! Marcador no definido.</b>
Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	<b>¡Error! Marcador no definido.</b>
6.5.4 Medidas de recuperación .....	<b>¡Error! Marcador no definido.</b>
Procedementos de recuperación ordinarios.....	<b>¡Error! Marcador no definido.</b>
Probas extraordinarias .....	<b>¡Error! Marcador no definido.</b>
6.5.5 Recursos didácticos.....	52
6.6 Curso: 2º de G.P.....	57
6.6.1 Obxectivos.....	57
6.6.2 Contidos.....	58
6.6.3 Avaliación .....	59



Criterios de avaliación.....	59
Mínimos esixibles.....	60
Procedementos e ferramentas de avaliación.....	60
Avaliación Inicial.....	60
Criterios de cualificación.....	61
Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	62
6.6.4 Medidas de recuperación.....	62
Procedementos de recuperación ordinarios.....	62
Probas extraordinarias.....	62
6.6.5 Recursos didácticos.....	63
6.7 Curso: 3º de G.P.....	64
6.7.1 Obxectivos.....	64
6.7.2 Contidos.....	65
6.7.3 Avaliación.....	66
Criterios de avaliación.....	66
Mínimos esixibles.....	67
Procedementos e ferramentas de avaliación.....	67
Avaliación Inicial.....	67
Criterios de cualificación.....	68
Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	69
6.7.4 Medidas de recuperación.....	69
Procedementos de recuperación ordinarios.....	69
Probas extraordinarias.....	70
6.7.5 Recursos didácticos.....	70
6.8 Curso: 4º de G.P.....	72
6.8.1 Obxectivos.....	72
6.8.2 Contidos.....	73
6.8.3 Avaliación.....	74
Criterios de avaliación.....	74
Mínimos esixibles.....	75



Procedementos e ferramentas de avaliación .....	<b>¡Error! Marcador no definido.</b>
Avaliación Inicial .....	<b>¡Error! Marcador no definido.</b>
Criterios de cualificación.....	<b>¡Error! Marcador no definido.</b>
Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	<b>¡Error! Marcador no definido.</b>
6.8.4 Medidas de recuperación .....	<b>¡Error! Marcador no definido.</b>
Procedementos de recuperación ordinarios.....	<b>¡Error! Marcador no definido.</b>
Probas extraordinarias .....	76
6.8.5 Recursos didácticos.....	78
6.9 Curso: 5º de G.P.....	80
6.9.1 Obxectivos.....	80
6.9.2 Contidos.....	81
6.9.3 Avaliación .....	82
Criterios de avaliación.....	82
Mínimos esixibles .....	83
Procedementos e ferramentas de avaliación .....	<b>¡Error! Marcador no definido.</b>
Avaliación Inicial .....	<b>¡Error! Marcador no definido.</b>
Criterios de cualificación.....	<b>¡Error! Marcador no definido.</b>
Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	<b>¡Error! Marcador no definido.</b>
6.9.4 Medidas de recuperación .....	<b>¡Error! Marcador no definido.</b>
Procedementos de recuperación ordinarios.....	<b>¡Error! Marcador no definido.</b>
Probas extraordinarias .....	86
6.9.5 Recursos didácticos.....	86
6.10 Curso: 6º de G.P.....	88
6.10.1 Obxectivos.....	88
6.10.2 Contidos .....	89
6.10.3 Avaliación.....	90
Criterios de avaliación.....	90
Mínimos esixibles .....	91
Procedementos e ferramentas de avaliación .....	<b>¡Error! Marcador no definido.</b>
Avaliación Inicial .....	<b>¡Error! Marcador no definido.</b>



Criterios de cualificación.....	¡Error! Marcador no definido.
6.10.4 Medidas de recuperación.....	¡Error! Marcador no definido.
Procedementos de recuperación ordinarios.....	¡Error! Marcador no definido.
Probas extraordinarias .....	94
Criterios de cualificación.....	94
6.10.5 Recursos didácticos .....	94
<b>9. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica ...</b>	<b>96</b>
<b>10. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento .....</b>	<b>97</b>
<b>11. ANEXOS .....</b>	<b>98</b>
11.1 Probas de acceso.....	98
Probas de acceso a 1º de grao profesional.....	98
Probas de acceso a 2º de G.P. (Só para alumnado que non teñan aprobado 1º).....	101
Probas de acceso a 3º de G.P. (Só para alumnado que non teñan aprobado 2º).....	105
Probas de acceso a 4º de G.P. (Só para alumnado que non teñan aprobado 3º).....	108
Probas de acceso a 5º de G.P. (Só para alumnado que non teñan aprobado 4º).....	111
Probas de acceso a 6º de G.P. (Só para alumnado que non teñan aprobado 5º).....	115
Probas de acceso a 2º de G.E. (Só para alumnado que non teñan aprobado 1º).....	118
Probas de acceso a 3º de G.E. (Só para alumnado que non teñan aprobado 1º).....	120
Probas de acceso a 4º de G.E. (Só para alumnado que non teñan aprobado 1º).....	123
11.2 Clase colectiva.....	124
11.3 Criterios para a obtención dos premios fin de grao. ....	127
11.4 Avaliación Inicial .....	129



## 1. **Introdución**

---

### **Presentación e xustificación – G.E.**

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, e no artigo 48 preceptúa que as ensinanzas elementais de música terán as características e a organización que as administracións educativas determinen.

Ditas características veñen ditadas no posterior decreto de 27 de setembro

A finalidade do Grao Elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

A presente programación dá concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenrolen os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste centro.

### **Presentación e xustificación – G.P.**

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o Goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Así mesmo, a citada Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas.

A finalidade do grao profesional das ensinanzas de réxime especial de música é proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais. Neste marco, o Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, estableceu os aspectos básicos do currículo





das ensinanzas profesionais de música, desenvolvidos no posterior decreto de 27 de setembro .

A presente programación dá concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenrolen os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste centro.

## **A quén vai dirixida**

### **Xeneralidades**

O alumnado accede ao Grao Elemental con idades de entre 8 e 14 anos, amplo rango que determina grandes diferencias entre capacidades e tamén diferentes niveis educativos na ensinanza obrigatoria.

Para o acceso ao Grao Profesional non existe límite de idade, polo que os grupos das materias colectivas non teñen por que ser homoxéneos.

### **Coñecementos previos**

Os accesos a 1º curso de Grao Elemental non requiren nin valoran coñecementos previos, senón aptitudes. O resto dos cursos precisan do dominio dos contidos do curso anterior.

Para o acceso a 1º de grao profesional é preciso ter aprobada a proba específica de acceso. Pódense facer probas similares para acceder ao resto dos cursos. O alumnado que superen o curso pasarán ao seguinte cun máximo de dúas materias pendentes.

### **Relacións cos estudos de réxime xeral**

Se o alumnado tivera entrado no conservatorio coa idade mínima permitida de 8 anos, compatibilizarían o Grao Elemental cos cursos de 3º a 6º de primaria. Na práctica a franxa de idade é variable, porque neste grao poden acceder ata os 14 anos.

A maioría do alumnado de Grao Profesional compatibilizan estes estudos con outros de réxime xeral. Nun porcentaxe amplo, o alumnado dos primeiros cursos de grao profesional cursan a E.S.O. e o alumnado de 5º e 6º de grao profesional compatibilizan os nosos estudos co bacherelato.



## Relacións interdisciplinares

### GRAO ELEMETAL

INSTRUMENTO	<p>Na materia de instrumento o alumno porá en práctica os coñecementos que vaia adquirindo no resto das materias coa finalidade de desenrolar a sensibilidade auditiva, musical e persoal propia dunha interpretación instrumental.</p>
Linguaxe musical	<p>Na materia de linguaxe musical, o alumno aprende a relacionar os coñecementos musicais coas características da escritura e da literatura do instrumento, coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación artística. A finalidade da linguaxe musical é o desenvolvemento das capacidades vocais, rítmicas, psicomotoras, auditivas e expresivas, , aspectos básicos que integran a práctica instrumental.</p>
Educ. Audit. E Vocal	<p>Esta materia e a especialidade instrumental comparten os obxectivos de valorar a importancia da memoria como recurso indispensable así como afondar nas bases para o desenvolvemento auditivo (tímbrico, rítmico, melódico, formal, etc.).</p>



GRAO PROFESIONAL

INSTRUMENTO	Na asignatura de instrumento o alumno porá en práctica os coñecementos que vaia adquirindo no resto das asignaturas, para desenrolar as sensibilidades auditivas, técnicas, musicais e persoais propias dun futuro instrumentista.
Ling. Musical	Senta as bases da lectura e comprensión das partituras instrumentais, e permite que o alumnado realice unhas interpretacións de calidade.
Coro/Orq./Ba	Incorporan ao alumnado en grupos numerosos, e os fan participar dunha sección coa responsabilidade que require. Inciden nun desenrolo técnico propio do traballo en conxunto.
Harmonía	Faculta ao alumnado a recoñecer a importancia da súa voz cando tocan dentro dun conxunto, e os axuda a comprender os elementos compositivos que integran o seu repertorio.
Análise	Senta as bases que permiten que o alumno entenda e consiga interpretar a música que escoita, le, ou toca desde un punto de vista técnico e artístico de acordo co estilo musical da época na que a obra foi composta. Nun aspecto ou noutro ten unha relación directa con todas as demais materias dos cursos 5º e 6º.
Historia	Aporta á materia coñecementos sobre os estilos das diferentes épocas e autores, así como datos sobre o contexto sociocultural e de como este inflúe na estética musical.



Informática	<p>As novas tecnoloxías aplicadas á música darán máis liberdade ao alumnado para que expresen a súa creatividade e para que poidan empregar recursos no seu estudo individual (Gravarse, editar partituras, etc.)</p>
Conx./ M <sup>o</sup> Cam.	<p>Con esta materia o alumnado son responsables co seu traballo individual do resultado do conxunto. O alumnado deben empregar tódalas ferramentas aprendidas nas clases instrumentais así como os coñecementos adquiridos nas clases colectivas.</p>
Rep..Acom e P.C.	<p>Repentización e acompañamento e piano complementario (dependendo da especialidade cursada): dotarán ao alumnado das ferramentas de apoio que precisan para adquirir unha comprensión global da música.</p>



## 2. Metodoloxía

---

O profesor controlará en todo momento a adecuada colocación do instrumento, e unha correcta posición que permita o control dos elementos anatómico-funcionais que interveñen na relación do conxunto “corpo-instrumento”

O profesor insistirá na necesidade da coordinación dos diferentes elementos articulatorios que interveñen na práctica.

Explicará as características xerais e posibilidades sonoras do instrumento, cun vocabulario adecuado ao alumnado e ilustrarao con exemplos clarificadores.

O profesor suxerirá ao alumnado un repertorio básico de obras de diferentes estilos, de dificultade acorde co nivel, como solista e como membro dun grupo.

O profesorado velará por unha correcta produción do son tanto a través da explicación da articulación dixital como da articulación do fol.

O profesorado suxerirá ó alumno un repertorio básico de obras de diferentes estilos, de dificultade acorde co nivel, como solista e como membro dun grupo e terá a potestade de modificalo se o proceso de aprendizaxe do alumnado se ve comprometido polo motivo que sexa, (estancamento, falta de estudo, faltas de asistencia coa conseguinte falta de continuidade no proceso de aprendizaxe, falta de interese do alumno polo excesivo tempo de traballo do repertorio sen resultados, etc.).

Favorecerase a toma de conciencia sobre a importancia do traballo individual.

O profesorado explicará de forma adecuada ó nivel e linguaxe do alumno, as orixes e historia do acordeón, así como os coidados necesarios para o mantemento técnico do instrumento, información que se irá completando con datos sobre compositores, obras e intérpretes.



O profesorado convidará ó alumnado a tocar en público, en concertos didácticos, tanto fóra como dentro do centro, para a comprensión da función comunicativa da música.

#### Organización do tempo e do espazo

Estes aspectos veñen definidos polas características físicas do edificio, e polos horarios da ensinanza obrigatoria. A xefatura de estudos elaborará o reparto de aulas e espazos do centro conforme crea convinte.

### 3. Atención á diversidade

---

#### Nas actividades de clase

A ensinanza do acordeón require dunha constante adaptación por parte do profesorado ás condicións específicas de cada alumno co fin de dar unha resposta educativa máis axeitada ás súas necesidades. Para atender a esta diversidade realizaremos unha avaliación inicial centrándonos en tres criterios:

- a. En función do seu nivel musical.
- b. En función da súa actitude e interese hacia os estudos musicais.
- c. En función do grao de adaptación segundo as súas condicións físicas.

#### Ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

Ante un caso con necesidades educativas especiais podemos recurrir a diferentes medidas e respostas para atender a diversidade que ocasione. En primeiro lugar debemos ter claro que os centros escolares deben permitir a integración funcional, social e física do alumno. As medidas poden necesitar unha dotación de recursos extraordinarios que se clasifican en medios persoais (profesorado de apoio, especialistas...), medidas ambientais e materiais e medios de acceso físico. Ademais pode existir a necesidade dunha adecuación curricular. Esta pode basearse nunha medida de reforzo educativo que pode ter cabida no conservatorio, ben interno ou externo ao centro ou nunha atención curricular individualizada (ACI), que só se realizará cando se poida prever que o problema é transitorio e que o alumno alcanzará un desenvolvemento normal



nun tempo estimado, xa que non se permite rebaixar o nivel dos obxectivos de cada curso.

## Actividades extraescolares

As actividades extraescolares estarán organizadas polo centro, e estarán relacionadas con aspectos propios das ensinanzas de música: Cursos especializados, asistencia a concertos ou ensaios de agrupacións de música, visita a museos ou similar, concertos fora do centro, etc.. O alumnado e os seus responsables legais estarán informados con anterioridade de tódolos datos pertinentes. Nestas actividades, organizadas para incentivar ao alumnado e mellorar a súa educación, resaltaránse, ademais valores de respecto e convivencia, entre outros.

## 4. Temas transversais

A inclusión de temas transversais nos diferentes sistemas educativos responde á necesidade de levar ó terreo educativo toda unha serie de medidas adoptadas de xeito intergubernamental polos gobernos dos países desenvolvidos, surtidas a partir dunha serie de preocupacións comúns ante os efectos negativos do desenvolvemento tecnolóxico e cultural nas sociedades máis avanzadas, que teñen que ver ca saúde, o medio ambiente, os conflitos armados, o racismo, a discriminación, etc. e que atañen non só o desenvolvemento de cada unha delas, senon tamén ó da totalidade da humanidade. Dita inclusión responde tamén á preocupación de certos sectores críticos ante ideoloxías dominantes neste tipo de sociedades.

Deste xeito, a interpretación musical, no noso caso, é a meta e, como tal, implica o desenrolo da personalidade e a sensibilidade, xa que a música é un vehículo de emocións.

O Profesor será guía e conselleiro, ademais do principal protagonista na construción da súa personalidade artística, dentro desta asignatura. Así pois, a programación será aberta, non ríxida, potenciando a adaptación as características e necesidades do alumnado, dentro dun marco dunha ensinanza



individualizada.

A audición, repetición de exercicios, visualización de DVD's... dará lugar a un diálogo - debate entre profesor e alumnado, co cal poderemos potenciar o respecto, a crítica (á vez ca autocrítica) ...

Aparte dos valores universais de respecto e convivencia que afectan ao ámbitos da educación ambiental, da educación para a igualdade, da educación para a paz, da educación para o lecer, da educación do consumidor e da educación moral e cívica, que sempre son traballados nas clases individuais e colectivas, nas aulas traballaremos especialmente para que o alumnado adquiran coñecementos e habilidades para ser capaces de valorar a música desde un punto de vista estético e artístico.

Nas clases deberá existir un clima de distensión e relaxación, para favorecer as verdadeiras características do alumno. É importante, a súa vez, que exista unha interrelación entre os diferente alumnado; toda esta relación repercutirá posteriormente nunha mellor interpretación en conxunto, existindo unha maior complicidade entre eles.

Os temas transversais aplicados a materia de acordeón poderíanse adecuar do seguinte xeito:

<b>Educación para a Convivencia</b>	– Fomentar o diálogo como xeito de solución de diferenzas, por medio de intervencións do alumnado en aspectos de dixitación, arqueo...
<b>Educación para a Saúde</b>	– Coidar os hábitos de saúde postural na aula
<b>Educación para a Paz</b>	– Analizar obras cun fin de integración entre pobos, fomento da paz, tolerancia e convivencia entre pobos. – Apreciar e valorar a diversidade cultural, estética, musical... de Europa como mostra de convivencia entre pobos.
<b>Educación para a igualdade</b>	– Analizar na historia da Música, o número de compositores e compositoras e recoñecer situacións de discriminación por razón de sexo.





<b>entre sexos</b>	– Reflexionar e sacar consecuencias das situacións observadas para evitar a discriminación.
--------------------	---------------------------------------------------------------------------------------------

<b>Educación ambiental</b>	– Deducir a influencia do Universo, natureza... en todos os seus sentidos, nos compositores á hora de compoñer obras.
<b>Educación sexual</b>	– Analizar e comentar hábitos sexuais dos compositores dentro do seu contexto histórico e confrontalos cos conceptos actuais e a súa influencia á hora de compoñer.
<b>Educación para Europa</b>	– Analizar a evolución da Música de acordeón feita en Europa. – Valorar o legado europeo no pensamento, cultura... na Música.
<b>Educación multicultural</b>	– Despertar o interese pola cultura que os diferentes países e os seus pobos desenvolveron, legaron e evolucionaron, salientando as súas diferenzas e semellanzas con outras culturas, desenvolvendo así actitudes de respecto por outros pobos.

## Educación en valores

Aparte dos valores universais de respecto e convivencia que afectan ao ámbito da educación ambiental, da educación para a igualdade, da educación para a paz, da educación para o lecer, da educación do consumidor e da educación moral e cívica, que sempre son traballados nas clases individuais e colectivas, nas aulas traballaremos especialmente para que o alumnado adquira coñecementos e habilidades para ser capaces de valorar a música desde un punto de vista estético e artístico.



## Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s)

O centro debe contar con equipos informáticos con conexión a Internet a disposición de profesorado e alumnado. Para esta materia a rede é unha importante fonte de información, tanto para a consulta de fondos de bibliotecas, lectura de artigos especializados sobre a materia, busca de partituras, arquivos de audio, ou libros especializados, etc. A biblioteca- fonoteca- videoteca do centro convértese no lugar máis adecuado para a obtención de información. Deberemos animar e axudar ao alumnado a utilizar este espazo con aproveitamento. É recomendable usar na aula tecnoloxías da información e da comunicación, sempre que contemos con recursos que nolo permitan.

## 5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

---

Enfocaremos o fomento da lectura en dúas vertentes: por unha banda, a literatura musical, procurando que o alumnado teñan acceso a diversos autores e estilos e incentivando o seu interese por coñecelos; por outra banda ofreceremos acceso a diversa literatura especializada sobre a materia.

### Funcionalidade dos contidos

Os contidos desta programación teñen como función a posta en práctica de exercicios e actividades que contribúan a acadar os obxectivos do curso.



## 6. Secuenciación do curso

---

### 6.1 Curso: 1º de G.E.

#### 6.1.1 Obxectivos

- Adoptar unha posición adecuada para a correcta colocación do instrumento, que permita o control das diferentes partes do corpo que interveñen na práctica: posición da costas e pernas, antebrazos, cúbados, brazos, bonecas, mans, dedos.
- Coordinar suficientemente os diferentes elementos articulatorios (antebrazos, brazos, bonecas, dedos) que interveñen na interpretación de figuras e ritmos básicos: redondas, brancas, negras, corcheas, os seus silencios e as súas combinacións máis sinxelas.
- Coñece-las características do instrumento, segundo o repertorio a interpretar neste nivel: manual esquerdo MIII-II, manual dereito, rexistros e a súa función, fol e modo de produción do son.
- Coñecer de maneira elemental as orixes e historia do acordeón, así como os coidados necesarios para o mantemento técnico do instrumento.
- Empezar a tomar conciencia da importancia do traballo individual.
- Interpretar un repertorio de acordo coas esixencias do nivel, tanto como solista, como parte dun grupo.

#### 6.1.2 Contidos

---

##### *Primeiro trimestre*

---

- Adopción dunha correcta posición que permita a correcta colocación do instrumento para unha boa execución musical.
- Desenvolvemento da coordinación, independencia e sincronización dos diferentes elementos articulatorios (antebrazos, brazos, bonecas, mans, dedos) en figuras e ritmos básicos: redondas, brancas, negras, corcheas, os seus silencios e as súas combinacións máis sinxelas.



- Desenvolvemento paralelo de ambas mans en figuras e ritmos elementais: redondas, brancas, negras, corcheas, os seus silencios e as súas combinacións máis sinxelas, dentro da modalidade instrumental elixida: MI-MIII ou MI-MIII-II

---

### *Segundo trimestre*

---

- Iniciación á dixitación de pasaxes e obras nas obras do nivel.
- Traballo da independencia dos dedos nas texturas monofónicas: posición fixa e cambios sinxelos de posición en ambas mans.
- Traballo da independencia dos dedos nas texturas polifónicas a dúas voces: posición fixa e cambios sinxelos de posición.
- Traballo do legato, non legato, staccatto en ambas mans, en texturas monofónicas e polifónicas a dúas voces, en posicións fixas e en cambios de posición elementais.

---

### *Terceiro trimestre*

---

- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva en canto ó modo de produción do son: ataques e ceses do son simples: aprender a relaciona-la aplicación da forza do antebrazo esquerdo sobre o fol, entender que a dinámica depende da presión sobre este, abrir e pecha-lo fol en forma de abano e facelo evitando tensións, aumentar e diminuír progresivamente o son tanto no ataque como no cese.
- Iniciación ás articulacións de fol básicas: acentos, sforzando, subliñado.
- Achegamento básico á comprensión de estruturas musicais: frase, semifrase
- Iniciación á organización do fol tendo en contas as estruturas musicais.



- Achegamento as orixes e historia do instrumento, así como ás características técnicas do instrumento e o seu mantemento e conservación.
- Adquisición de hábitos de estudo correctos: organización dende o principio do fol e da dixitación de ambas mans, traballo lento aumentando a velocidade progresivamente, cun pulso constante e a axuda do metrónomo, a mans separadas para posteriormente xuntalas, tendo en conta as articulacións...etc.
- Interpretación dun repertorio adecuado ó nivel, como solista e como parte dun conxunto.

### 6.1.3 Avaliación

#### Criterios de avaliación

- Adoptar unha postura correcta e natural que permita a boa colocación do instrumento e a boa interpretación musical.
- Ter a suficiente coordinación para a práctica instrumental neste nivel.
- Coñecer basicamente o instrumento: manuais dereito e esquerdo, rexistración, fol e modo de produción do son.
- Ter un coñecemento elemental das orixes e historia do instrumento, así como dos coidados necesarios para o bo mantemento do acordeón.
- Ser conscientes da importancia do traballo individual.
- Mostrar interese e actitude positiva nas clases.
- Asistencia a clase de forma continuada.
- Interpretar un repertorio adecuado a este nivel, tanto solista como membro dun grupo.
- Será indispensable para superar o curso que o alumno dispoña de instrumento propio a partir do segundo trimestre posto que o proceso de aprendizaxe depende do hábito continuado de organizar o tempo e o espazo na casa, deste xeito o alumno adquire a responsabilidade de asentarse o aprendido nas clases e é responsable do seu propio aprendizaxe.



## Mínimos esixibles

Considéranse criterios mínimos esixibles para superar o trimestre a interpretación dun exercicio de técnica e un estudo ou obra do nivel correspondente, proposto polo profesor/a, así como a asistencia a unha audición pública no curso lectivo. A consecución óptima e solvente destes obxectivos mínimos, garantirá como máximo a cualificación de 5 puntos.

## Procedementos e ferramentas de avaliación

### Avaliación Inicial

A comezo de cada curso lectivo, realizarase unha avaliación inicial coa intención de analizar o punto de partida de todo o alumnado de GE e GP, para así detectar os coñecementos e destrezas das que se parte. Este tipo de avaliación, está pensada de xeito orientativo, para que os profesorado escollan as metodoloxías máis apropiadas ao nivel de desenvolvemento do alumnado.

A avaliación inicial, dependendo da materia que se trate, constará dunha proba práctica ou escrita a criterio do profesor/a, e basearase nos obxectivos e contidos de cursos anteriores. No caso de 1º de GE a avaliación inicial constará dunha proba teórico-práctica sobre conceptos básicos musicais.

A avaliación é continúa para poder detecta-las necesidades do alumno en todo momento, e corrixir posibles deficiencias (o profesor, ten potestade para modificar en calquera momento o material didáctico de referencia estruturado para cada alumno ó principio do curso (estudios técnicos, repertorio, datas de audicións e concertos, etc.), se considera que se está a producir un estancamento no seu proceso de aprendizaxe.

Contamos con tres avaliacións:

- Primeira avaliación: coincide coas vacacións de Nadal, e inclúe a avaliación inicial, necesaria para que o profesor coñeza a situación do alumno ó principio do proceso de aprendizaxe, para elabora-las estratexias.
- Segunda avaliación: coincide coas vacacións de Semana Santa.



o Terceira avaliación e final: na que se terá en conta os obxectivos alcanzados ó longo de todo o curso.

### Criterios de cualificación

Para os procedementos ordinarios, poderase utilizar os seguintes medios:

- o Rexistro de actividades diarias de clase.
- o Disposición e actitude positiva durante a clase, capacidade de mellora e consecución dos traballos encomendados para a clase seguinte.
- o Boa presenza e indumentaria adecuada tanto na clase coma nas audicións.
- o Probas prácticas ou audicións en clase que se realizarán unha vez ó trimestre.
- o Audicións públicas.
- o Probas escritos.

A nota será calculada mediante as notas parciais atendendo ós distintos aspectos avaliativos e seguindo as seguintes porcentaxes:

**Criterios técnicos:** 50%

**Criterios estéticos:** 40%

**Criterios actitudinais:** 10%

Para as Probas Extraordinarias, os criterios de Avaliación serán os seguintes:

**Criterios técnicos:** 50%

**Criterios estéticos:** 50%

### Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.

A ampliación de matrícula ao curso seguinte poderá ser solicitado polo Profesor-Titor mediante unha Xunta Avaliadora, naqueles casos nos que o alumnado teña superado os obxectivos e contidos do curso e materias correspondentes no que se atopa e sempre que a totalidade dos profesorado do alumno/a estean dacordo.



#### 6.1.4 Medidas de recuperación

- Audicións públicas
- Probas escritas.
- Calquera proba que considere oportuna o profesor/a dependendo de cada alumno/a en particular.

#### Procedementos de recuperación ordinarios

- Actividades de recuperación individuais, en cada caso, mediante un informe elaborado polo profesor.
- O alumnado que necesiten medidas de recuperación poderán asistir como oíntes ás clases de compañeiros de niveis similares, previa solicitude ao profesor/a.
- Probas de recuperación ao longo do curso.
- profesorado contemplará a posibilidade de destinar algunhas clases colectivas a traballar aspectos técnicos concretos como medida de recuperación para o alumnado que o necesiten.

#### Probas extraordinarias

- O alumnado que suspendan na convocatoria de xuño teñen dereito a un exame en convocatoria extrahordinaria. Neste exame deberán interpretar como mínimo dúas obras extraídas das listas de obras orientativas segundo a programación didáctica de referencia. En caso de dúbida o alumno deberá consultar co profesor correspondente.

#### 6.1.5 Recursos didácticos

- Audicións públicas ou na clase co resto dos compañeiros.
- Audicións comentadas de obras interpretadas por distintos intérpretes
- Consulta a bibliotecas e fonotecas.





- Preparatory Studies for beginners, E.HARRIS, Ed Waterloo.
- Zwanzig Spielstücke, H. NOTH, Ed. Music Verlag Heinz Oettinger.
- Leichte Übungen 2, V.E. SCHWEIGER, Ed. Universal.
- La nuova dinamica fisarmonicistica, E. BOSCHELLO, Ed Bérben
- Metodo per fisarmónica vol 1, V.V.A.A, Ed Bérben.
- Metodo per fisarmonica a bassi scolti, A. DI ZIO, Ed Bérben.
- Acordeón divertido, R.LLANOS, Ed Antza.
- Tecnica i per fisarmonica a bottoni, C. JACCOMUCCI, Ed Bérben.
- 35 Miniaturen für Akkordeon, W.BLOCH, Ed. Hohner- Verlag Trossingen.



## 6.2 Curso: 2º de G.E.

### 6.2.1 Obxectivos

- Afianza-la postura correcta para a boa colocación do instrumento e o control das diferentes partes do corpo que interveñen na práctica: posición da costas e pernas, antebrazos, cúbados, brazos, bonecas, mans, dedos.
- Coordinar diferentes elementos articulatorios (antebrazos, brazos, bonecas, dedos) que interveñen na interpretación de figuras e ritmos básicos neste nivel: redondas, brancas, negras, corcheas, semicorcheas, puntillos, os seus silencios e as súas combinacións máis sinxelas.
- Empezar a coñecer distintos tipos de articulación dixital e de fol.
- Coñece-las características do instrumento, segundo o repertorio a interpretar neste nivel: manual esquerdo MIII-II manual dereito, rexistros e a súa función, fol, modo de produción do son, modo de conseguila dinámica.
- Coñecer de maneira elemental as orixes e historia do acordeón, intérpretes, compositores e repertorio, así como os coidados necesarios para o mantemento técnico do instrumento.
- Tomar conciencia da importancia do traballo individual.
- Interpretar un repertorio de acordo coas esixencias do nivel, tanto como solista, como parte dun grupo.

### 6.2.2 Contidos

---

#### *Primeiro trimestre*

---

- Adopción dunha posición que permita a correcta colocación do instrumento para unha boa execución musical.
- Desenvolvemento da coordinación, independencia e sincronización dos diferentes elementos articulatorios (antebrazos, brazos, bonecas, mans, dedos) en figuras e ritmos básicos: redondas, brancas, negras, corcheas, semicorcheas, puntillos, os seus silencios e as súas combinacións máis sinxelas.



- Desenvolvemento paralelo das mans en figuras e ritmos elementais: redondas, brancas, negras, corcheas, semicorcheas, puntillos, os seus silencios e as súas combinacións máis sinxelas, dentro da modalidade instrumental elixida: MI-MIII ou MI-MIII-II ou MI-MII-III.

---

### *Segundo trimestre*

---

- Iniciación á dixitación de pasaxes e obras nas obras do nivel.
- Traballo da independencia dos dedos nas texturas monofónicas: cambios de posición en ambas mans.
- Traballo da independencia dos dedos nas texturas polifónicas a dúas voces, cambios de posición.
- Traballo do legato, non legato, picado, staccatto en ambas mans, en texturas monofónicas e polifónicas a dúas ou tres voces en cambios de posición.

---

### *Terceiro trimestre*

---

- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva en canto ó modo de produción do son: ataques e ceses do son, aprender a relaciona-la aplicación da forza do antebrazo esquerdo sobre o fol, entender que a dinámica depende da presión sobre este, abrir e pecha-lo fol en forma de abano e facelo evitando tensións, aumentar e diminuir progresivamente o son tanto no ataque coma no cese, todo tipo de ataques e ceses do son que teñan que ver con distintas presións a realizar sobre o fol, variación da presión do fol en función da dinámica, tanto progresivamente como bruscamente.
- Iniciación ás articulacións de fol básicas: acentos, sforzando, subliñado.
- Achegamento básico á comprensión de estruturas musicais: frase, semifrase, motivo.



- Iniciación á organización do fol tendo en contas as estruturas musicais.
- Achegamento as orixes e historia, repertorio e intérpretes do instrumento, así como ás características técnicas e o seu mantemento e conservación.
- Adquisición de hábitos de estudo correctos: organización dende o principio do fol e da dixitación de ambas mans, traballo lento aumentando a velocidade progresivamente, cun pulso constante e a axuda do metrónomo, a mans separadas para posteriormente xuntalas, tendo en conta as articulacións...etc.
- Interpretación dun repertorio adecuado ó nivel, como solista e como parte dun conxunto.
- Iniciación ó estudo das grafías propias do instrumento.

### 6.2.3 Avaliación

#### Criterios de avaliación

- Adoptar unha postura correcta e natural que permita a boa colocación do instrumento e a boa interpretación musical.
- Te-la coordinación necesaria para a práctica instrumental neste nivel.
- Coñecer basicamente o instrumento: manuais dereito e esquerdo, rexistración, fol e modo de produción do son, modo de conseguila dinámica.
- Empezar a coñece-los distintos tipos de articulacións dixitais e de fol.
- Ter un coñecemento elemental das orixes e historia do instrumento, do repertorio e intérpretes e compositores así como dos coidados necesarios para o bo mantemento do acordeón.
- Mostrar interés e actitude positiva nas clases.
- Asistencia a clase de forma continuada.
- Ser conscientes da importancia do traballo individual.
- Será indispensable para superar o curso que o alumno dispoña de instrumento propio a partir do segundo trimestre posto que o proceso de aprendizaxe depende do hábito continuado de organizar o tempo e o espacio



na casa, deste xeito o alumno adquire a responsabilidade de asentar o aprendido nas clases e é responsable do seu propio aprendizaxe.

- Interpretar un repertorio adecuado a este nivel, tanto solista como membro dun grupo.

### Mínimos esixibles

Considéranse criterios mínimos esixibles para superar o trimestre a interpretación dun exercicio de técnica e un estudio melódico do nivel correspondente, proposto polo profesor, así como a asistencia a una audición pública no curso lectivo. A consecución óptima e solvente destes obxectivos mínimos, garantirá como máximo a cualificación de 5 puntos.

## Procedementos e ferramentas de avaliación

### Avaliación Inicial

A comezo de cada curso lectivo, realizarase unha avaliación inicial coa intención de analizar o punto de partida de todos o alumnado de GE e GP, para así detectar os coñecementos e destrezas das que se parte. Este tipo de avaliación, está pensada de xeito orientativo, para que os profesorado escollan as metodoloxías máis apropiadas ao nivel de desenvolvemento do alumnado.

A avaliación inicial, dependendo da materia que se trate, constará dunha proba práctica ou escrita a criterio do profesor/a, e basearase nos obxectivos e contidos de cursos anteriores.

A avaliación é continúa para poder detecta-las necesidades do alumno en todo momento, e corrixir posibles deficiencias (o profesor, ten potestade para modificar en calquera momento o material didáctico de referencia estruturado para cada alumno ó principio do curso (estudios técnicos, repertorio, datas de audicións e concertos, etc.), se considera que se está a producir un estancamento no seu proceso de aprendizaxe.



Contamos con tres avaliacións:

- Primeira avaliación: coincide coas vacacións de Nadal, e inclúe a avaliación inicial, necesaria para que o profesor coñeza a situación do alumno ó principio do proceso de aprendizaxe, para elabora-las estratexias.
- Segunda avaliación: coincide coas vacacións de Semana Santa.
- Terceira avaliación e final: na que se terá en conta os obxectivos alcanzados ó longo de todo o curso.

### Criterios de cualificación

Para os procedementos ordinarios, poderase utilizar os seguintes medios:

- Rexistro de actividades diarias de clase.
- Disposición e actitude positiva durante a clase, capacidade de mellora e consecución dos traballos encomendados para a clase seguinte.
- Boa presenza e indumentaria adecuada tanto na clase coma nas audicións.
- Probas prácticas ou audicións en clase que se realizarán unha vez ó trimestre.
  - Audicións públicas.
  - Probas escritos.

A nota será calculada mediante as notas parciais atendendo ós distintos aspectos avaliativos e seguindo as seguintes porcentaxes:

**Criterios técnicos:** 50%

**Criterios estéticos:** 40%

**Criterios actitudinais:** 10%

Para as Probas Extraordinarias, os criterios de Avaliación serán os seguintes:

**Criterios técnicos:** 50%

**Criterios estéticos:** 50%

### Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.

A ampliación de matrícula ao curso seguinte poderá ser solicitado polo Profesor-Titor mediante unha Xunta Avaliadora, naqueles casos nos que o



alumnado teña superado os obxectivos e contidos do curso e materias correspondentes no que se atopa e sempre que a totalidade dos profesorado do alumno/a estean dacordo.

#### 6.1.4 Medidas de recuperación

- o Audicións públicas
- o Probas escritas.
- o Calquera proba que considere oportuna o profesor/a dependendo de cada alumno/a en particular.

#### Procedementos de recuperación ordinarios

- o Actividades de recuperación individuais, en cada caso, mediante un informe elaborado polo profesor.
  - o O alumnado que necesiten medidas de recuperación poderán asistir como oíntes ás clases de compañeiros de niveis similares, previa solicitude ao profesor/a.
  - o Probas de recuperación ao longo do curso.
- o O profesorado contemplará a posibilidade de destinar algunhas clases colectivas a traballar aspectos técnicos concretos como medida de recuperación para o alumnado que o necesiten.

#### Probas extraordinarias

- o O alumnado que suspendan na convocatoria de xuño teñen dereito a un exame en convocatoria extrahordinaria. Neste exame deberán interpretar como mínimo dúas obras extraídas das listas de obras orientativas segundo a programación didáctica de referencia. En caso de dúbida o alumno deberá consultar co profesor correspondente.

#### 6.2.5 Recursos didácticos



- o Audicións públicas ou na clase co resto dos compañeiros.
- o Audicións comentadas de obras interpretadas por distintos intérpretes
- o Consulta a bibliotecas e fonotecas.
- o 35 Miniaturen für Akkordeon, W. BLOCH, Ed Waterloo
- o Allerlei, T.LUNDQUIST, Ed Hohner Verlag Trossingen
- o Acordeón Automat, J. BAZANT, Ed. Supranhon
- o Malé Obrazky BILDER, Ed, Supranhon
- o Acordeón divertido, R. LLANOS, Ed Antza.
- o Miniatures for accordion, E.HARRIS, Ed, Waterloo
- o Técnica per fisarmonica a bottoni, C. JACCOMUCCI, Ed Bérben
- o Akkordeonek, V.V.A.A, Ed Supranhon
- o Metodo per fisarmonica vol. 1, V.V.A.A. Ed, Bérben
- o Metodo per fisarmonica a bassi scolti, A. DI ZIO, Ed Bérben
- o La nuova dinamica fisarmonicistica, E. BOSCHELLO, Ed Bérben
- o Kompendium der Akkordeontechnik, H. REINBOTHE, Ed. Verlag für musik Leipzig
- o Caderno de Anna Magdalena. J.S.BACH, Ed. Real Musical

## 6.3 Curso: 3º de G.E.

### 6.3.1 Obxectivos

- o Adoptar unha posición que permita o control dos diferentes elementos articulatorios que interveñen na práctica: posición das costas e pernas, antebrazos, cúbados, brazos, bonecas, mans, dedos.





- Coordina-los diferentes elementos articulatorios (antebrazos, brazos, bonecas, dedos) que interveñen na interpretación de figuras e ritmos básicos neste nivel: redondas,
  - brancas, negras, corcheas, semicorcheas, puntillos, grupos de valoración especial, os seus silencios e as súas combinacións.
  - Desenrola-lo control da produción e a calidade do son a través dos distintos tipos de articulación dixital e de fol
  - Coñece-las características do instrumento, segundo o repertorio a interpretar neste nivel: manual esquerdo MIII-II, manual dereito, rexistros e a súa función, fol, modo de produción do son, modo de conseguila dinámica, articulacións dixitais e de fol.
  - Coñecer basicamente as orixes e historia do acordeón, intérpretes, compositores e repertorio, así como os coidados necesarios para o mantemento técnico do instrumento.
    - Tomar conciencia da importancia do traballo individual.
    - Interpretar un repertorio de acordo coas esixencias do nivel, tanto como solista, como parte dun grupo.
    - Interpretar en público cun mínimo control, tentando comprende-la función comunicativa da música.

### 6.3.2 Contidos

---

#### *Primeiro trimestre*

---

- Adopción dunha posición que permita a correcta colocación do instrumento para unha boa execución musical.
  - Desenvolvemento da coordinación, independencia e sincronización dos diferentes elementos articulatorios (antebrazos, brazos, bonecas, mans,



dedos) en figuras e ritmos básicos: redondas, brancas, negras, corcheas, semicorcheas, puntillos, grupos de valoración especial, os seus silencios e as súas combinacións máis sinxelas.

- o Desenvolvemento paralelo de ambas mans en figuras e ritmos elementais: redondas, brancas, negras, corcheas, semicorcheas, puntillos, grupos de valoración especial, os seus silencios e as súas combinacións máis sinxelas, dentro da modalidade instrumental elixida: MI-MIII ou MI-MIII-II.

- o Dixitación de pasaxes nas obras do nivel.

---

### *Segundo trimestre*

---

- o Traballo da independencia dos dedos en ambas mans en diferentes texturas: monofónica, polifónica a dúas ou tres voces, contrapunto a dúas voces.

- o Traballo do legatissimo, legato, non legato, picado, staccatto, staccattissimo en ambas mans, en texturas monofónicas e polifónicas a dúas ou tres voces e en contrapunto a dúas voces.

- o Desenvolvemento da sensibilidade auditiva en canto ó modo de produción do son:

- o ataques e ceses do son: aprender a relaciona-la aplicación da forza do antebrazo esquerdo sobre o fol, entender que a dinámica depende da presión sobre este, abrir e pecha-lo fol en forma de abano e facelo evitando tensións, aumentar e diminuír progresivamente o son tanto no ataque coma no cese, todo tipo de ataques e ceses do son que teñan que ver con distintas presións a realizar sobre o fol, variación da presión do fol en función da dinámica, tanto progresivamente como bruscamente, acentos, sforzandos, subliñados, toques de fol nos picados.. etc.

- o Articulacións de fol básicas: acento, sforzando, subliñado.

---

### *Terceiro trimestre*

---



- Achegamento básico á comprensión de estruturas musicais: grandes seccións e subseccións, frase, semifrase, motivo.
- Organización do fol tendo en conta as estruturas musicais.
- Achegamento as orixes e historia, repertorio e intérpretes do instrumento, así como ás características técnicas e o seu mantemento e conservación.
- Adquisición de hábitos de estudo correctos: organización dende o principio do fol e da dixitación de ambas mans, traballo lento aumentando a velocidade progresivamente, cun pulso constante e a axuda do metrónomo, a mans separadas para posteriormente xuntalas, tendo en conta as articulacións...etc.
- Interpretación dun repertorio adecuado ó nivel, como solista e como parte dun conxunto.
- Iniciación ó adestramento da memoria e práctica de lectura a primeira vista.
